

# RECORDOS d'úa NENA

↓ Raquel López Murias

I nda nun hai tantos anos d'esto que vos vou cuntar. Nun sei se vos feirá recordar a vosa moedad pero ben sei qu'en dalgús casos seguro que s'asomeña muito á mía.

Nacín nun pequeno pueblo del occidente asturiano. Nun vos vou dicir el nome; más que nada pa que cada ún que lo llía se faga a idea de que tou falando del sou. Tan sólo teño veinte anos acabaos de cumprir pero sempre me gustóu muito ougüir anécdotas dos llugares de por aquí.

Nosoutros, condo éramos más pequenos, gustábanos muito xugar y andar escazoliando por ei. Sempre tíamos dalgúa idea na cabeza pa nun aburrirnos. Éramos sempre os mesmos: mía ermá grande, mía vecía Sonia, sou ermao pequeno y eu. Entre as nosas casas había y hai inda hoi úas penas mui grandes. Allí lo que más nos prestaba era xugar ás cocinías ou ás casías. Amañábamos todo enseguida: nosoutras llevábamos un par d'hovos ou tres que roubábamos del gallineiro da casa y, se podíamos, dalgúa pataca. Tamén íbamos a úa escombeira que tíamos allí cerca y pañábamos as tixellas y as potas que tiraban as nosas madres... y hasta úa vez el tambor d'úa llavadora. A casa taba llista enseguida y despós cocinábamos con todo aquello, fiamos tortiya con arena y patacas y, cos hovos y pedras, pastelios. Amañábamos todo conto había y fiamos que lo comíamos. El caso é que lo pasábamos muito ben y nun incordiábamos na casa.

Otras veces xugábamos núa casa veyá qu'había allí cerca. ¡Eso si que nos prestaba! Porque había de todo: cocía, habitación, sala... Nun m'esqueice úa vez qu'asustamos muito a meu primo. El caso foi qu'él veu de visita á mía casa y nosoutros entonces quedamos en darye un susto. Sonia naquel tempo tía muitas oveyas y condo las pelaban a lla nun la usaban pa nada. Pero axina se nos ocurrió a nosoutros cómo darye utilidá. Coyémos úas almuadas y metémoslas dentro da cama pa que parecesen un corpo. Despós puxemos a lla na cabeceira pa qu'asomeñase el pelo canoso d'úa veyá. Al lla da cama había tamén un baúl antiguo y usámoslo xunto colo outro pa preparar ben a xugarreta. Condo tuvemos todo ben amañado y xa nos pasara a risa, chamamos a meu primo y dixémosye qu'entrarse nel cuarto, qu'había

úa paisana morrendo na cama y que tía al neno morto metío nel baúl. Meu primo a lo primeiro pensaba que todo era úa patraña pero el caso foi que s'asomóu á porta y víu aquel pelo cano salindo d'entre as sábanas y el baúl con un bulto dentro y tantísimo medo piyóu que salió correndo y chorando escontra as faldas de súa madre. Nosoutros, mentras tanto, case nos mexábamos da risa.

Otras veces xugábamos tamén a tiramos desde el pico del herba seca p'abaxo. Condo xugábamos a esto nun solíamos tar muito tempo porque en conto se daban conta del asunto os nosos padres, mandábanos fora del *pajar* porque dicían qu'inda íbamos partir úa perna.

Condo as nevadas, enchíamos os sacos del penso con herba seca y subíamonos encima. ¡Muito nos prestaba baxar pollos praos ben costos y pollos camíos! Outra cousa que nos divertía muito era piyar cuyarapos nel pozo da Casúa. Metíamoslos nun bote y dábamosyes de comer os pousos del café. Inda nun sei a estas horas d'ónde sacamos qu'aquello era bon alimento pa os cuyarapos pero el caso é que nun nos morrían.

Otro caso divertido foi tamén lo que fixemos úa vez na casa dos meus primos. A casa d'ellos queda na veira da carretera y entonces ocurriúsenos fer augua con llimón y vendella a os coches que pasaban por allí. Claro, col calor que fía en verao seguro que taban todos mortos de sede. Estruñamos us contos llimóis dentro d'úa xarra, botámosye augua y ben azúcar pa que tuvese dulce. Condo xa taba preparada, amañamos el posto na carretera, que nun era más qu'úa mesía con us tayloríos pa sentarse y un lletreiro colgando que puía: *un vaso 50 ptas*. Tuvemos lo menos tres horas allí y, como era evidente, nun vendémos nin un mísero vaso. Tanta rabia nos daba volver cuas maos balleiras pá casa que bebémos nosoutros el augua con llimón y chegamos pá casa dicindo que xa vendéramos todo a os turistas. Claro que nada nos creron porque llougo se deron conta de que nun tíamos nin un peso nel bolso.

A todas estas cousas xugábamos condo éramos pequenos. Muito ben lo temos pasao y muito nos temos rido. Agora llougo nun quedan nenos nos pueblos y eso dame muita pena porque m'iba prestar que lo pasasen tan ben como lo paséi eu con meus primos y meus vecíos. 

